

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Código Departamento: 13 LG

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUA PORTUGUESA

Materia de libre configuración de centro

- **Comunicación intercultural en Lingua portuguesa (1º ESO)**
- **Estratexias discursivas en Lingua portuguesa (1º Bacharelato)**
- **Lingua e cultura portuguesas (2º Bacharelato)**

**IES Rosalía de Castro
Santiago de Compostela
Curso 2017- 2018**

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	2
2.	OBXECTIVOS	4
3.	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE; TEMPORALIZACIÓN	4
3.1.	Comunicación intercultural en Lingua portuguesa (1º ESO)	5
3.1.1.	Temporalización	15
3.2.	Estratexias discursivas en Lingua portuguesa (1º Bacharelato) e Lingua e cultura portuguesas (2º Bacharelato)	19
3.2.1.	Temporalización	28
4.	COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS	28
5.	METODOLOXÍA	29
6.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	29
7.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	30
8.	RECURSOS E MATERIAIS	31
9.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	32
10.	ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	32
11.	MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	33
12.	EMPREGO DE FERRAMENTAS TIC	33
13.	CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO	34
14.	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	34

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A introdución á Lingua Portuguesa constitúe un novo paso na vocación do Instituto Rosalía de Castro de ser realmente un centro multilingüe así como de adiantar experiencias educativas. Como libre configuración de centro impartirase en todos os cursos de 1º ESO e tamén –como opcional- en 1º e 2º de Bacharelato.

As denominacións escollidas, para non confluír con *Segunda Lingua estranxeira: Portugués*, son as seguintes: *Comunicación intercultural en Lingua portuguesa* (1º ESO), *discursivas en Lingua portuguesa* (1º Bacharelato) e *Lingua e cultura portuguesas* (2º Bacharelato). Non se trata de 3 materias distintas, agás no nome, pois o que se pretende nelas é un achegamento á lingua e cultura portuguesa ou en expresión portuguesa. Este achegamento –unicamente ao longo dunha sesión semanal- será máis ou menos intenso segundo a madurez do alumnado, ou segundo a posibilidade de escolleren a materia en máis dun curso. A especificación de contidos para cada materia debe ser interpretada como un continuo de partes unidas entre si no que se irán construíndo progresivamente as aprendizaxes das distintas habilidades comunicativas.

Temos en conta que se trata de alumnado que nunca estudou Lingua Portuguesa, agás se o alumnado que a escolleu o curso pasado en 1º BAC decide matricularse este ano en 2º; alumnas e alumnos parten do descoñecemento case total desta lingua, o que ha de considerarse á hora de formular obxectivos e actividades, así como a reducida carga lectiva dunha sesión semanal. Porén, constitúe unha fortaleza o coñecemento da lingua galega do alumnado, circunstancia claramente favorable para poderen realizar progresos relativamente rápidos nesta lingua, sobre todo nos aspectos do dominio pasivo. Así pois, pretendemos un achegamento e manexo da lingua portuguesa que parece máis que necesario para o alumnado de ensino medio de Galicia.

Asemade, mediante o estudo do portugués, pretendemos que o alumnado adquira unha mellor competencia comunicativa tamén en galego, e que desenvolva unha maior tolerancia e unha competencia sociocultural libre de prexuízos negativos sobre Portugal e a identidade portuguesa; xa que logo hai que combinar o ensino do idioma acompañado do coñecemento da cultura dos nosos veciños e da realidade do portugués como lingua tamén do Brasil e doutros países en varios continentes. Mesmo a valoración en positivo dunha lingua tan próxima ao galego, redundará na mellor valoración da lingua propia de Galicia así como da diversidade lingüística en xeral.

O coñecemento do portugués non só é importante para ampliar as posibilidades de acceso a novas relacións interprofesionais en Portugal, senón que tamén favorece unha mentalidade máis aberta e plural e permite comprender moito mellor as fondas raíces da nosa lingua propia.

Como se recolle na LOMCE, o dominio de linguas estranxeiras, posibilita comprender mellor a nosa propia lingua, implica a posibilidade de acceder a outras culturas, ao tempo que fomenta as relacións interprofesionais e o respecto por outros países, falantes e culturas. O proceso de

ensinanza e aprendizaxe da lingua portuguesa contribuirá, ademais, á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade.

O Consello de Europa no seu documento Marco de Referencia Europeo das Linguas considera a aprendizaxe das linguas estranxeiras como unha prioridade para os cidadáns e cidadás de Europa xa que favorecerá a construción dunha Europa pluricultural e plurilingüe promovendo o coñecemento das distintas linguas e culturas, o que derivará no respecto por estas e a interacción entre a cidadanía europea.

2. OBXECTIVOS

O ensino destas materias LCC arredor do portugués terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

a) Utilizar a lingua portuguesa de forma oral e escrita, co fin de comunicarse con fluidez e corrección.

b) Comprender e interpretar textos orais e escritos emitidos nas distintas situacións de comunicación.

c) Ler con fluidez textos de temática xeral ou adecuados aos intereses dos alumnos, comprender os elementos esenciais e captar a súa función e organización discursiva.

d) Reflexionar sobre o funcionamento da lingua portuguesa na comunicación, co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas.

e) Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe, utilizando recursos autónomos, baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de coñecer o estado da aprendizaxe e de continuar no futuro co estudo desta lingua.

f) Reflexionar sobre o funcionamento das linguas, establecendo paralelismos e contrastes entre as linguas coñecidas e o portugués.

g) Apreciar o valor da lingua portuguesa como medio para acceder a outros coñecementos e a outras culturas.

h) Coñecer os aspectos fundamentais do medio sociocultural da lingua portuguesa, co fin de acadar unha mellor comunicación e unha mellor interpretación das diferentes culturas.

i) Reflexionar sobre os parecidos e as diferenzas entre as diversas culturas e desenvolver o respecto por elas, na procura dunha maior tolerancia entre os pobos.

3. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE; TEMPORALIZACIÓN

As materias de LCC -*Comunicación intercultural en Lingua portuguesa (1º ESO), Estratexias discursivas en Lingua portuguesa (1º Bacharelato) e Lingua e cultura portuguesas (2º*

Bacharelato)- que se van ensinar no IES Rosalía de Castro, non son materias que continúan dun curso para outro, senón que o alumnado pode cursalas en 1º ESO e non en Bacharelato, en 1º de Bacharelato e non en 2º. Por iso para a maioría constitúe un primeiro achegamento á lingua portuguesa, e por iso consideramos que o currículo destas materias de Libre configuración pode basearse e ter como referencia o currículo da materia específica *Segunda Lingua Estranxeira: portugués*, tal como se recolle na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e no Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así para a materia LCC de 1º ESO (*Comunicación intercultural en Lingua portuguesa*), partimos do currículo da materia específica *Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO*; e para as materias LCC de Bacharelato (*Estratexias discursivas en Lingua portuguesa e Lingua e cultura portuguesas*) partimos do do currículo da materia específica *Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO*.

Loxicamente, este currículo debe axeitarse á carga horaria destas materias de libre configuración, que é a metade da materia *Segunda Lingua Estranxeira*; aínda así esta menor carga horaria nos cursos de Bacharelato pode verse compensada en parte pola madurez do alumnado que a cursa.

No caso de haber alumnos/as en 2º BAC que xa tiveran cursado a materia *Estratexias* en 1º haberá que facer unha adaptación ás distintas capacidades, ou ben agrupar en distintas aulas uns e outros de ser posible; neste último caso poderíamos ter como referente o currículo da materia específica *Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO*

A materia de *Segunda Lingua Estranxeira* está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas.

3.1. Comunicación intercultural en Lingua portuguesa (1º ESO)

Nesta primeiro curso de ESO o alumnado toma contacto por vez primeira coa lingua portuguesa, e con esta materia trátase de familiarizalo con ela para a súa utilización en situacións de comunicación simples para que, progresivamente, logre un dominio comunicativo suficiente para desenvolverse en situacións sinxelas e habituais da vida cotiá, e tamén noutras conectadas coas súas motivacións e intereses.

Sen lugar a dúbidas, a alta capacidade de transferencia entre galego e portugués vai permitir descubrirille ao alumnado as características do portugués actual e esta será a estratexia fundamental. Evidentemente, os estándares descritos a continuación van ser imposibles de acadar durante o ano académico, porque esta materia só conta cunha sesión semanal, e comézase desde un nivel cero, polo que iremos adaptando o currículo ás características da aula e da materia LCC.

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO: Portugués				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras clave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. ▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 2. Produción de textos orais				

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ▪ SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
--	--	---	--	--

	<p>fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos - Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. - Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. - Petición de axuda. - Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Sinalación de obxectos, uso de deicticos ou realización de accións que aclaran o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiás, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p>				

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. ▪ B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade. ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
<p>Bloque 4. Producción de textos escritos</p>				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<p>realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. <p>- Execución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.). <p>- Revisión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. <ul style="list-style-type: none"> - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediateza necesidade. ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD <hr/> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). <hr/> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <hr/> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
---	---	---	--	---

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ j ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. ▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente. ▪ B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

	<ul style="list-style-type: none">- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <p>▪ B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none">- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. <p>▪ B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none">- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.	ou culturais.	
--	---	---------------	--

	<ul style="list-style-type: none">- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa.e os seus contrarios.- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <p>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <ul style="list-style-type: none">- Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.- Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. <p>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			
--	---	--	--	--

3.1.1. Temporalización

Neste curso de primeiro da ESO, empregaremos o manual *Na onda do portugués1* (ed. Lidel), tanto pola idade do alumnado, como por ser materia para toda a aula; non se traballarán todas as unidades, pois ao contarmos cunha sesión semanal de docencia non se dá traballado máis dunha unidade mensual; porén é un material de apoio moi importante, orientado ás competencias, que presenta a seguinte distribución:

COMPETENCIA COMUCATIVA			
UNIDADES	COMPETENCIAS DISCURSIVA/FUNCIONAL	COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS LEXICAL	COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS GRAMATICAL
0 Imos aprender portugués	<ul style="list-style-type: none"> Identificar marcas da identidade cultural portuguesa/lingua portuguesa 	<ul style="list-style-type: none"> O alfabeto 	<ul style="list-style-type: none"> Artigo definido/indefinido e o seu emprego Nome Xénero Formulación do plural
1 Ola, amigas!	<ul style="list-style-type: none"> Identificarse a si mesmas e a outras Identificar o país e a nacionalidade Dar e pedir información sobre nomes e apelidos Dar e pedir información sobre enderezo e teléfono Indicar a idade e a profesión 	<ul style="list-style-type: none"> Nome e apelido Nacionalidades Cidades e países Numerais cardinais Profesións 	<ul style="list-style-type: none"> Pronomes persoais suxeito Presente do indicativo do verbo <i>ser</i> Adxectivos Preposición <i>de</i> e a súa contracción Presente do indicativo do verbo <i>ser</i> Interrogativos Presente do indicativo do verbo <i>morar</i> Preposición e a súa contracción
2 A miña	<ul style="list-style-type: none"> Identificar e indicar os graos de parentesco/describir á familia 	<ul style="list-style-type: none"> Graos de parentesco 	<ul style="list-style-type: none"> Determinantes posesivos

<p>familia e as miñas amizades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Preguntar e indicar a data/días da semana • Describir persoas • Indicar o estado do tempo/estacións do ano 	<ul style="list-style-type: none"> • Datas/días da semana • Adxectivos • Cores • Estado do tempo • Estacións do ano 	<ul style="list-style-type: none"> • Preposicións/situar accións no tempo • Contracción das preposicións <i>em, de, a</i> • Adxectivo
<p>3 Amizades virtuais</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Caracterizar persoas, animais, obxectos • Saudar, cumprimentar, presentar persoas • Expresar gustos 	<ul style="list-style-type: none"> • Características de persoas, animais, obxectos • Gustos • Expresións para saudar 	<ul style="list-style-type: none"> • Adxectivos, pronomes, determinantes indefinidos • <i>Gostar de + nome</i> • <i>Gostar de + inf</i> • <i>Adorar, odiar, detestar + nome</i> • <i>Adorar, odiar, detestar + inf</i>
<p>4 Estou feliz!</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Describir sentimentos e estados físicos • Indicar causas • Describir a casa • Situar no espazo persoas e obxectos • Indicar cantidades • Identificar materiais, patróns e formas 	<ul style="list-style-type: none"> • Sentimentos, estados físicos, causas • Tipos de casas • Materiais, patróns, formas 	<ul style="list-style-type: none"> • Presente de indicativo <i>estar</i> • Diferenza entre <i>ser</i> e <i>estar</i> • Locucións prepositivas de lugar • Presente do indicativo <i>haber</i> • Interrogativos
<p>5 Que estás a facer?</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Falar de accións en curso • Falar de accións, situacións diferentes simultáneas • Localizar, situar xeograficamente • Falar sobre locais na cidade • Preguntar, dar información sobre localizacións no espazo 	<ul style="list-style-type: none"> • Locais na cidade 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Estar a + infinitivo</i> • Conxuncións temporais <i>enquanto</i> • Presente de indicativo do v. <i>ficar</i> • Diferenza entre <i>estar</i> e <i>ficar</i>
<p>6 Unha escola</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicar na sala de aula • Falar sobre espazos da 	<ul style="list-style-type: none"> • Espazos da escola, obxectos da sala de aula 	<ul style="list-style-type: none"> • Presente de indicativo de v. regulares e irregulares

<p>como a miña</p>	<p>escola, actividades</p> <ul style="list-style-type: none"> • Indicar o horario escolar • Describir diferentes tipos de escolas • Opinar sobre a escola 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades da escola • Discurso da sala de aula • Disciplina, material escolar 	
<p>7 A mocidade de todo o mundo!</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Falar de accións habituais no presente • Expresar verdades científicas • Identificar alimentos • Falar de hábitos alimentares 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do día a día • Alimentos • Comidas 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprego do presente de indicativo • Adverbios e locucións adverbiais • Conxugación pronominal • Colocación do pronome na frase • Formación da interrogativa
<p>8 O meu barrio ideal</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Pedir e indicar información sobre percursos • Falar sobre o noso barrio • Falar sobre a nosa cidade 	<ul style="list-style-type: none"> • Servizos e comercio • Percursos e transportes • Nomes de rúas, avenidas • Nomes de monumentos 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Ir a / ir para</i> • Contracción da preposición <i>a</i> • Verbos de movemento no presente de indicativo • Verbos + preposicións locucións prepositivas • Contracción das preposicións <i>em, de, por</i> • Diferenza entre <i>para</i> e <i>por</i>
<p>9 Que imos facer?</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Falar de accións no futuro próximo • Expresar intencións • Ir de compras • Facer pedidos • Dar e pedir informacións • Dar e pedir opinións 	<ul style="list-style-type: none"> • Compras • Tendas • Servizos • Restaurantes • Comidas e bebidas • Fórmulas de cortesía 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Ir + infinitivo</i> • Presente de indicativo con valor de futuro • <i>Pensar + infinitivo</i> • Expresións de tempo • Demonstrativos asociados aos adverbios

	<ul style="list-style-type: none"> • Convidar, suxerir • Aceitar ou recusar un convite 		<i>aquí, aí, alí</i>
10 Rutina	<ul style="list-style-type: none"> • Falar do corpo humano • Describir estados físicos • Falar de deportes, actividades lecer • Falar do tempo de lecer • Dar xustificacións, facer comparacións 	<ul style="list-style-type: none"> • Corpo humano • Estados físicos • Nomes de deportes e actividades de lecer • Tipos de espectáculo 	<ul style="list-style-type: none"> • Conectores discursivos de causa • Graos dos adxectivos
11 Vidas	<ul style="list-style-type: none"> • Falar de accións pasadas puntuais • Falar de accións pasadas recentes • Narrar, relatar acontecementos pasados • Situar accións pasadas no tempo • Relacionar momentos do pasado • Elaborar unha biografía 	<ul style="list-style-type: none"> • Léxico relacionado coas viaxes, vacacións • Datos biográficos 	<ul style="list-style-type: none"> • Pretérito perfecto simple do indicativo (v. regulares e irregulares) • Adverbios e expresión de tempo • Adverbios e locucións adverbiais de tempo • Acabar de + infinitivo
12 Lembrar é vivir	<ul style="list-style-type: none"> • Describir accións habituais do pasado • Relembrar épocas pasadas • Comparar hábitos do pasado cos do presente 	<ul style="list-style-type: none"> • Hábitos do pasado 	<ul style="list-style-type: none"> • Pretérito imperfecto do indicativo v. regulares e irregulares • Adverbios e expresión de tempo • Pronomes persoais coa función de complemento directo e indirecto
13 O verán	<ul style="list-style-type: none"> • Describir, narrar situacións • Retratar, caracterizar persoas, espazos e obxectos 	<ul style="list-style-type: none"> • Léxico do ámbito da narración e da descrición 	<ul style="list-style-type: none"> • Pretérito imperfecto do indicativo, diferentes usos • <i>Estar + a + infinitivo</i>

3.2. Estratexias discursivas en Lingua portuguesa (1º Bacharelato) e Lingua e cultura portuguesas (2º Bacharelato)

A aprendizaxe de portugués no bacharelato é moi importante para o alumnado galego porque lle permite un achegamento doado a outra lingua moi próxima á galega tanto desde o punto de vista xeográfico como lingüístico. Supón, por unha parte, a prolongación e consolidación do coñecido e, por outra, un desenvolvemento de capacidades máis especializadas en función dos intereses académicos e profesionais que guiarán o futuro laboral do alumno ou alumna.

Pero ao tratarse dunha materia LCC, e o alumnado de bacharelato escollela maiormente por primeira vez, os estándares descritos para este curso van ser imposibles de acadar durante o ano académico, porque esta materia só conta cunha sesión semanal, e é preciso comezar desde un nivel moi básico. Xa que logo, iremos adaptando o currículo a ambas materias e ás diversas capacidades do alumnado.

Ademais en *Estratexias discursivas* farase fincapé na capacidade de interacción e transferencia que contribúan a un uso o máis fluído posible na sala de aulas, estimulando actitudes de cooperación entre os estudantes e asumindo o profesor ou profesora o papel de mediador. E en *Lingua e cultura* aproximaremos a aspectos e iniciativas culturais do país veciño, nomeadamente a literatura, a música e o cinema. De ser posible farase algunha actividade vinculada a algúns destes ámbitos.

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO: portugués				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras clave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica) – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula. ▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

Bloque 2. Produción de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

	<p>máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. <ul style="list-style-type: none"> - Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. - Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. - Petición de axuda. - Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. - Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiás (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p>				

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade. ▪ B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade. ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
<p>Bloque 4. Producción de textos escritos</p>				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<p>realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.). - Revisión: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata. ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. ▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. ▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

	<p>- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p>	<p>multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
--	---	--	---	--

	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <p>▪ B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe. <p>▪ B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. - Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. - Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. - Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. - Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
--	--	--	---	--

3.2.1. Temporalización

Dado que non se pensa utilizar ningún manual de texto, traballáranse os contidos e estándares do currículo, na medida do posible, repartidos nas tres avaliacións do curso e tendo en conta que a carga horaria apenas sobrepasará as 30 sesións lectivas.

Nas tres avaliacións abordaremos os seguintes aspectos repartidos dunha maneira equilibrada: funcionamento da lingua (práctica con exercicios e textos), práctica de lectura (lectura orientada, comprensión e síntese, lectura para información), prácticas de oralidade regulada e prácticas de audición de gravacións, lecturas, contos orais, etc.

4. COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS

Consideramos que en calquera das materias LCC impartidas no centro – e reiterando que non son de continuidade obrigada- o alumnado debe acadar como mínimo:

- Expresarse por escrito cunha corrección mínima en portugués.
- Comprender textos orais do día a día, e se for posible aprender a percibir o portugués do Brasil.
- Ler e comprender pequenos textos literarios cun vocabulario adecuado ao seu nivel.
- Adquirir un mínimo de léxico que lles permita expresarse oralmente en portugués en situacións diversas e comúns.
- Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e reproducir conversas planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou temas de actualidade: ir a unha tenda comprar un produto determinado, pedir unha consumición nun bar ou restaurante, demandar información nunha estación de tren, etc. .
- Coñecer a realidade dos países lusófonos a través de lecturas e pescudas así como con ferramentas da internet: vídeos, Google Earth, etc
- Concienciarse da importancia da lingua portuguesa a nivel mundial, respectar o pobo veciño e a súa cultura, evitando actitudes xenófobas, etnocéntricas e androcéntricas.

Segundo as catro competencias que se consideran no Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas, o alumnado debería achegarse ao enumerado a continuación.

- **Comprensión oral**

Comprender o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais de textos breves, referidos a asuntos da vida cotiá –social ou persoal- ben estruturados, articulados a unha velocidade lenta e con claridade, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, nunha variedade de lingua estándar, e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

- **Expresión e interacción oral**

Producir textos orais breves, referidos a asuntos da vida cotiá, tanto en comunicación á cara como por teléfono ou outros medios técnicos, e comunicarse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

- **Comprensión lectora**

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles relevantes en textos de temas actuais e xerais, de estrutura sinxela e clara, tanto nunha variedade de lingua formal coma informal.

- **Expresión e interacción escrita**

Escribir textos de estrutura sinxela en soportes variados, referidos a asuntos diversos da vida cotiá, de tipoloxía diversa - informativos, narrativos, descritivos, etc.- e cun nivel adecuado de coherencia, cohesión e corrección.

5. METODOLOXÍA

O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumnado galego require concrecións metodolóxicas específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula. O parentesco entre o galego e o portugués é notable e así debe constatarase na actitude e aptitude do alumnado, para descubrirille que xa ‘sabe’ bastante portugués a partir do galego.

Por outra banda, partimos dun proceso de aprendizaxe no que o profesorado vai actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas esenciais en portugués adaptadas ao nivel.

Integraremos na práctica da aula todos os procedementos para traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir), así como todos os bloques de contidos, tendo en conta que sempre se tenderá a un traballo de aula dirixido pola profesora ou profesor, tanto a nivel individual como de grupo e de parellas, interpelándose oralmente e por escrito e articulando estratexias de comunicación moi baseadas na similitude como xa se indicou e na diferenza lingüística, nomeadamente faremos fincapé nos “falsos amigos” e na pronuncia. Así mesmo fomentárase a participación e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, tanto individual como grupal.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Dado que a avaliación non é un acontecemento puntual, senón mais ben un proceso continuo, progresivo e dinámico, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. Coa avaliación continua, avaliaremos no alumno-a os progresos realizados partindo da súa particular situación inicial e atendendo á diversidade de capacidades,

aptitudes, ritmos e estilos de aprendizaxe. Cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceremos medidas correctoras e de reforzo educativo.

Ademais de ter en conta o esforzo, a capacidade de traballo e a actitude na aula, os coñecementos do alumnado valoraranse a través dunha proba obxectiva ao longo das tres avaliacións, que medirán a progresión na adquisición das destrezas básicas: comprender textos orais e escritos e producir textos orais e escritos.

O alumnado de ESO deberá ser competente e resolver na aula os exercicios das unidades correspondentes do libro de texto. A práctica da oralidade avalíase contestando as preguntas da profesora ou en pequenos diálogos ou exposicións, e tamén deberá ser capaz de contestar aos exercicios do manual oralmente, despois de traballar co CD audio que acompaña o libro. Nos cursos de Bacharelato, esta avaliación será feita a partir dos distintos materiais que se lles acheguen.

Todas estas valoracións, así como as de observación directa, serán rexistradas no caderno do profesor o profesora.

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao final de cada trimestre avaliarase aos alumnos segundo os seguintes criterios:

- Actitude e participación activa na clase: 20 %

Neste apartado valorarase: a actitude cara á materia, a disposición ao traballo, a participación e cooperación na clase, a realización de actividades voluntarias e o esforzo e interese por aprender e mellorar. Tamén se terá en conta o caderno de clase en 1º da ESO.

Expresión oral (escoitar e falar): 40%

A través do traballo rexistrado na clase e mais con probas orais regradas: presentación, exposición e diálogo ou debate.

- Expresión escrita (ler e escribir): 40%

A través do traballo desenvolvido na clase e mais con probas regradas, con exercicios semellantes aos desenvolvidos na aula.

Para que un alumno ou alumna supere a materia na súa totalidade, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:

- a) Obter un mínimo de 14 puntos na suma das cualificacións das tres avaliacións, sempre que tiveren aprobada a terceira avaliación.
- b) Ter dúas avaliacións aprobadas (unha delas necesariamente ten que ser a terceira) e obter como mínimo 13 puntos na suma das cualificacións das tres avaliacións.

O alumnado que non se atope en ningunha destas dúas situacións poderá realizar a proba final de recuperación no mes de xuño. Nesta proba as persoas que teñan aprobadas a primeira

e a segunda avaliacións terán a posibilidade de realizar unicamente unha recuperación da terceira avaliación; o resto do alumnado, nesta proba final de xuño, deberá responder a cuestións relacionadas con todos os contidos do curso.

O alumnado que obteña na proba final de xuño unha cualificación inferior a 5 puntos deberá realizar a proba extraordinaria de setembro para poder superar a materia. Nesta proba proporáanse exercicios correspondentes aos contidos estudados nas tres avaliacións do curso. Para aprobar o exame de setembro é imprescindible obter unha cualificación mínima de 5 puntos.

8. RECURSOS E MATERIAIS

En 1º curso de ESO empregárase o mesmo manual do curso pasado da Ed. Lidel: *Na onda do portugués*, dado a idade do alumnado cremos que é bo ter un libro de referencia.

Nos cursos de Bacharelato tendo en conta a opcionalidade da materia, a mínima carga lectiva e a madurez do alumnado non usaremos libro de texto e si outros materiais, tanto audiovisuais coma escritos, como forma de aprendizaxe vehicular da lingua e de achegamento á cultura portuguesa; distribuiranse ao longo do curso para acadar os obxectivos xerais e específicos.

Dentro deses materiais cabe salientar os ofrecidos polas numerosas páxinas de ensino do portugués na rede, os preparados polo profesor ou profesora, os textos xornalísticos - lidos no computador ou en papel-, así como textos literarios breves para un achegamento á cultura e á literatura lusófona, serán pilar fundamental no Bacharelato; utilización de cancións, xogos de lingua, teatralizacións, tests, etc.

Con todos eses materiais traballarase as catro destrezas da lingua – escoitar, ler, falar e escribir- tal como se prescribe nos exames regrados das Escolas de idiomas ou do Instituto Camões.

Achegamos unha selección dos materiais que consideramos de máis utilidade, entre eles os ofrecidos pola editora portuguesa:

Helena Lemos, *Português en Direto*, Ed. Lidel. Inclui CD audio

Helena Lemos, *Dialogar em Português*, Ed. Lidel.

Teresa Sousa Henriques e Frederico de Freitas, *Qual é a dúvida?*, Ed. Lidel (segundo o Acordo)

Ana Díaz, *Falsos amigos*. Português-Español / Español – Português. Ed. Lidel

Duarte, Gonçalo, *Histórias de bolso. 21 contos de autores lusófonos anotados para estrangeiros*, Lidel

<http://www.priberam.pt/dlpo/>

<http://www.estraviz.org/>

<http://www.wordreference.com/>

<http://www.opentrad.com/>

[http://lusopatia.wordpress.](http://lusopatia.wordpress)

[http://cvc.instituto-camoes.](http://cvc.instituto-camoes)

<https://ciberduvidas.iscte->

<http://www.portaldalinguaportuguesa.org/>

<http://www.conjuga-me.net/>

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Aínda que non se dispón de moito tempo, contemplamos a realización dalgunhas actividades complementarias:

- Convite a unha persoa de fala portuguesa para visitar a aula e introducir o alumnado nalgún tema da cultura portuguesa.
- Asistencia á proxección dalgún filme en portugués, segundo a oferta da sala Numax da cidade.
- Celebración do '*Dia da Liberdade*', 25 de abril, con diferentes actividades.
- Organización de pequenas exposicións no centro, arredor de diferentes temas traballados na aula: folletos turísticos, receitas de cociña, carteis da cultura portuguesa, etc.
- Excursión a Portugal para o alumnado de Bacharelato; este curso pasado viaxaron a Porto, a través do programa de AGAL.
- Actividades de traballo cooperativo con escolas de Portugal, a través da plataforma europea de centros escolares eTwinning.

10. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Non podemos esquecer que toda lingua é un vehículo de transmisión cultural e que o seu coñecemento favorece a tolerancia e o respecto por outras culturas, aceptando a diversidade de valores e superando prexuízos, favorecendo actitudes socialmente positivas tales como a cooperación a través do traballo compartido, o respecto ao interlocutor ou a participación activa en debates.

A través do ensino do portugués, procúrase que o alumnado identifique e valore positivamente os principais costumes e trazos da vida cotiá propios dos países e culturas onde se fala e que os poidan comparar evitando sempre os estereotipos e as actitudes negativas e despectivas que moitas veces se transmiten desde a familia, escola ou medios de comunicación.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas. Teremos en conta, especialmente, as deficiencias específicas do alumnado con dificultades na lecto-escritura.

Así mesmo, para aqueles alumnos e alumnas que por diversas razóns non alcancen a competencia mínima esixida, achegaráselles material complementario, de apoio e repaso, que lles axudará a alcanzar os obxectivos mínimos.

12. EMPREGO DE FERRAMENTAS TIC

Resulta obvio sinalar a importancia de que as alumnas e alumnos se familiaricen co uso das TIC, pois debido á súa grande utilidade en todos os campos van estar presentes en case calquera ocupación laboral así como na nosa vida cotiá.

Nos novos proxectos de ensino xúlgase como imprescindible adaptarse ás novas tecnoloxías e termos aulas máis interactivas con animacións, vídeos, simulacións, audicións, que tornan o proceso de aprendizaxe máis construtivo, ou permiten testar e avaliar os coñecementos de forma inmediata e dinámica.

En xeral o alumnado do Centro está bastante familiarizado cos medios dixitais, dos que fai uso habitual no seu tempo de ocio (teléfono móbil, cámara, videoxogos, internet,...) e hai que aproveitar esta dispoñibilidade para achegármonos a novos enfoques sobre a materia e asemade para incrementar a motivación de certo alumnado.

Na rede existen múltiples recursos de apoio á aprendizaxe da lingua portuguesa, que xa citamos no apartado de Recursos e materiais e, que nos permitirán practicar esas destrezas e usar esas ferramentas para a aprendizaxe.

13. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO

Canto á contribución ao proxecto lingüístico do centro, está claro que a aprendizaxe dunha lingua entra de cheo nos obxectivos dun IES plurilingüe, como é o Rosalía de Castro. Como se di no Proxecto Lingüístico do centro: as diferentes linguas obxecto de ensino pretenden mellorar a formación do alumnado, *sobre todo en linguas estranxeiras*. Somos conscientes de que na sociedade actual a intercomunicación propiciada pola globalización e polos cambios sociais, culturais, políticos e económicos pon de relevo que as competencias lingüísticas van ser

determinantes para que as persoas poidan adaptarse ás diversas circunstancias que se lle poidan presentar ao longo da vida no ámbito laboral e mesmo persoal, de aí a importancia da adquisición dunha competencia lingüística plurilingüe.

E un coñecemento da lingua e cultura portuguesa non só é importante para ampliar as posibilidades profesionais en Portugal ou en países de fala portuguesa, senón que tamén debe favorecer unha mentalidade máis aberta e plural e un achegamento ás orixes compartidas da nosa propia cultura galega. Moita xente descoñece que o portugués é un dos idiomas máis utilizados no mundo –por diante do alemán e francés- e que hoxe en día rexistra un número crecente de persoas que queren aprendelo e asemade unha enorme presenza na rede.

Dada a escasa carga horaria, non vai haber ningunha obra de lectura obrigada –agás en Bacharelato e con carácter voluntario- pero si pequenos textos literarios, acaídos ao nivel de cada curso.

14. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso revisaranse os obxectivos propostos e as dificultades na consecución deses obxectivos, e recolleranse na memoria final os cambios e as adaptacións efectuadas con vistas a reducir, ampliar e mellorar en cursos vindeiros. Analizaranse aqueles traballos, actividades e contidos que non funcionaron correctamente ou ben, aqueles que por seren moi ben aceptados, convén reforzar.

Santiago, outubro 2017

Asdo: Rosa M^a López Gato

Xefa de Departamento

Docente que imparte estas materias: Dolores Díaz Rifón